

FICHA REPASO SOCIAIS TEMA 2. PARTE A



1.- Qué é unha coordenada xeográfica? **Unha liña imaxinaria que se traza no globo terráqueo ou no mapa.**

2.- Qué función teñen as coordenadas? **Axudarnos a localizar un punto existente sobre a superficie terrestre.**

3.- Qué é a latitude? **É a distancia dun punto da superficie terrestre ao Ecuador.**

4.- Cómo pode ser a latitude? **A latitude pode ser Norte (N) ou Sur (S).**

5.- Qué é a lonxitude? **A lonxitude é a distancia de un punto na superficie terrestre ata o Meridiano 0 ou meridiano de Greenwich.**

6.- Cómo pode ser a latitude? **A latitude pode ser Leste (L) ou Oeste (O).**

7.- Qué é un paralelo? **Un paralelo é unha liña imaxinaria que divide a Terra coma se fose rodas.**

8.- Cal é o paralelo principal e que fai? **O paralelo principal é o Ecuador e divide a Terra en dúas metades que son o Hemisferio Norte (HN) e o Hemisferio Sur (HS).**

9.- Qué outros paralelos coñeces? **Outros paralelos son o Trópico de Cáncer, Trópico de Capricornio, Círculo Polar Ártico e Círculo Polar Antártico.**

10.- Qué é un meridiano? **É unha liña imaxinaria que divide a Terra unindo o Polo Norte co Polo Sur.**

11.- Cal é o meridiano principal? **O meridiano principal é o Meridiano 0 ou tamén chamado Meridiano de Greenwich.**


12.- Qué outra función teñen os meridianos? **Serven para establecer os fusos horarios e polo tanto as distintas zonas horarias da Terra.**

13.- Por onde comeza o día na Terra? **Amanece polo Leste polo que o día avanza de Leste a Oeste.**

14.- Cal é o meridiano a partir do cual se suman ou restan horas? **É o Meridiano 0 ou de Greenwich e cara ao Leste engádese unha hora segundo cada fuso horario e cara ao Oeste réstase unha hora por cada fuso horario.**


15.- Se estás en España e falas con Arxentina, será máis cedo ou máis tarde? **Como Arxentina está ao Oeste de España alí será moito máis cedo.**

16.- Se en España son as 12,00 da mañá, poderás saber se en China xa remataron as clases dese día ou aínda non empezaron? **Como China está máis ao Leste alí seguramente xa remataron as clases.**



17.- En cantos fusos horarios está dividida a Terra? **A terra está dividida en 24 fusos horarios que se corresponden coas 24 horas do día que é o que tarda a Terra en completar unha volta completa do seu movemento de rotación.**

18.- Completa este debuxo cos seguintes termos: Ecuador, Meridiano 0, Polo Norte, Polo Sur, Trópico de Cáncer e Trópico de Capricornio, Círculo Polar Ártico e Círculo Polar Antártico.



19.- Sinala a que lugares corresponden as seguintes coordenadas:

40° N 80° O	Estados Unidos	60°N 120° O	Canadá
20°S 40° O	Brasil	20°S 140°L	Australia
40° N 0°	España	64°N 20° O	Islandia
60° N 60°L	Rusia	20°S 80°L	Océano Índico

